

ct

# #camiños

de  
Esther F. Carrodegua

*(fragmento en galego)*

*IV - ¡Mocidade!*

*Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir. Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adonarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos. Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do #camiño agárdanos unha voz que nos berra: ¡Máis alá!*

Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro

Manifesto "Máis alá" (1922)

Non hai dúbida de que a emigración galega revela unha diferenza de carácter cando se compara co sedentarismo castelán. Hai unha forza que nos empurra cara ao mundo e outra que nos xungue á terra nativa, pois se os #camiños nos tentan a camiñar é porque deixamos unha luz acesa sobor da casa en que fomos nados, e alí nos agarda o fin da vida. *Andar, andar, andar, e no remate dos traballos devolverlle á Terra o corpo que ela nos emprestou.*

Castelao

*a función d@s poetas  
é a de abrir os #camiños  
que chegan aos pozos  
de auga potable*

## #galicia

29. 574 km<sup>2</sup> de territorio  
1.562 km de costa  
296 de unión con Portugal  
2.708.339 habitantes  
espallados por  
4 provincias  
53 comarcas  
313 municipios  
30.000 aldeas e vilas  
entre as carballeiras de Lalín  
a paz vizosa do Lérez  
as ondas do mar de Vigo  
e a frescura do meu mar de Rianxo!  
Milleiros e milleiros de #camiños  
Corredoiras, vereas, canellas, carreiros, sendas e sendeiros  
Que van do noso presente ao noso futuro  
E que dende o futuro  
Miran ao pasado  
Camiñade  
Camiñade connosco  
Acompañádenos  
Nesta viaxe  
De cara a nós mesmas

## #prantadas

## MULLER PENURIAS

Penas e Penurias

## MULLER PATACA

Sementar patacas

Sachar patacas

Apañar patacas

## MULLER PENURIAS

Penas...

E Penurias

## MULLER PATACA

E para comer?

## MULLER PORCA

Porcos

## MULLER PATACA

Patacas

## MULLER PORCA

Porcos hai arreo!

## MULLER PENURIAS

Non hai nada que facer!

## MULLER PATACA

Espelicar patacas

Cortar patacas

Fritir patacas

Patacas con carne

E carne con patacas

E o domingo?

## MULLER PORCA

Porcos...

## MULLER PATACA

Cachelos

Para variar

MULLER PENURIAS  
Non se pode facer nada  
Non se pode facer nada de nada

MULLER PORCA  
Hai porcos en todas as aldeas  
Non hai aldea sen porcos  
Porcos hai arreo  
Nas aldeas?  
Arreo

MULLER PATACA  
Patacas  
Patacas  
Patacas

MULLER PENURIAS  
Miras pola fiestra

MULLER PORCA  
E todo son porcos

MULLER PATACA  
...E patacas

MULLER PORCA  
En cada casa hai un porco  
Eu teño un porco  
E catro porquiños  
Pero en cada casa  
Polo menos un porco

MULLER PENURIAS  
Non se pode facer nada!

MULLER PORCA  
Hai demasiados porcos

MULLER PATACA  
E patacas...

MULLER PORCA  
Para falar claro  
Unha aldea  
É unha porcallada  
Unha porcallada monumental  
Porque os porcos

Ao ser porcos  
Son unha porcallada

MULLER PENURIAS  
Non hai nada que facer!  
Non hai nada que facer!

MULLER PATACA  
SER UNHA PATACA  
Arrodeada de terra por todas partes

MULLER PORCA  
Arrodeada de porcos por todas partes

MULLER PENURIAS  
Arrodeada de Penas e Penurias por todas partes!

MULLER PATACA  
Engurrada e seca  
Coma unha pataca vella  
Engurrada  
E seca

MULLER PENURIAS  
Unha Penuria!  
Unha Penuria!

MULLER PORCA  
Pensan que son persoas  
Porque na aldea quéreselles  
Coma se foran persoas  
E trátaselles  
Como se lles trata a persoas

MULLER PENURIAS  
Non hai nada que facer!

MULLER PORCA  
Déixaselles durmir na cama  
No canto de mandalos ao cortello  
E así...  
Así como van saber que son porcos?  
Pensan que son persoas  
Pero son porcos  
Aínda que vaian en pé

## MULLER PENURIAS

Non hai nada que facer

## MULLER PATACA

Engurrarse...

## MULLER PORCA

Cada vez que abren a boca

Din unha porcallada

Din porcalladas a fartar

Fártase unha de tanta porcallada

Pero como non se lles pode dicir nada

Porque son porcos

E non entenden

Pois aguántanse as porcalladas

E ala

A durmir a mona

## MULLER PENURIAS

Non hai nada que facer!

## MULLER PATACA

Ser unha pataca vella

Da que só se poden aproveitar

As fillas

As fillas PATACAS

## MULLER PORCA

Chega pola porta

O porco

Chega e plas

Sen saudar sequera

Chega e zumba!

Zumba, zasca, dálle home dálle

Veña

## MULLER PENURIAS

Un día

E outro día

E outro día

## MULLER PATACA

Patacas

## MULLER PORCA

Pim-Pam-Pum

MULLER PATACA  
Espelica que te espelica

MULLER PENURIAS  
Penas...  
E penurias!  
...

MULLER PORCA  
En todo caso  
Non hai nada  
Como ter un porco na casa

MULLER PENURIAS  
Que Penuria!

MULLER PORCA  
Do porco aprovéitase todo  
Aprovéitase todo

MULLER PATACA  
Espelica que te espelica

MULLER PORCA  
E na aldea  
Sen porco...  
Que ías facer eh?

MULLER PENURIAS  
Non hai nada que facer

MULLER PATACA  
Sachar patacas  
Unha e outra vez

MULLER PORCA  
Mellor aguantar o porco  
O porco  
E as porcalladas

LIBERDADE  
*CANTA* Tecín soía a miña tea...



## #disque

## AS PRANTADAS

Mira pra aí!

Mira para aí!!

Mira para aí!!!!

Shhhhh

Porca!

Porca!!

Porca!!!

Shhh

Que sabes ti?

Que sabes ti??

Que sabes ti???

Shhh

...

Disque...

Disque co pai

Disque co fillo

Disque co irmá

Co irmá de quen?

De quen vai ser

Co irmán do pai!

Co irmán do pai????

Do pai de quen?

De quen vai ser!

Do pai da nai!

Da nai de quen?

Co avó Manuel!

Co avó Manuel?

Co avó Manuel...

O pai da nai

Da nai do fillo

Meu meniño!

Si: pobriño!

Con el tamén?

Sábelo ben!

E ti tamén!

Que vou saber

...

Que sabes máis?

Que sabes máis?

Que sabes máis!!!?

Disque co Xan!

Co Pericán?  
Alá nos vai!  
Disque co cura!  
Estás segura?  
Disque co Bispo  
Pois vaia Cristo!  
Disque co Papa  
Esaxerada!  
Disque co dedo  
Disque coa man!  
Disque co puño!  
Falso testemuño!  
Disque-cunha-banana...  
Vaia puta!  
Será lesbiana?  
Bruxa!  
Borracha!  
Bastarda!  
Encarnada!!!!

MULLER PORCA

Porca!... Porca que non tes nin Porco!!!!

## #tecín\_soia

*LIBERDADE>CANTA, coma Guadi*

Tecín soia a miña tea,  
sembrei soia o meu nabal,  
soia vou por leña ó monte,  
soia a vexo arder no lar.  
Nin na fonte nin no prado,  
así morra coa carrax,  
el non ha de virm'a erguer,  
el xa non me pousará.  
¡Que tristeza! O vento soa,  
canta o grilo ó seu compás...  
Ferve o pote... mais, meu caldo,  
soíña t'hei de cear...